

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Na ESO analizarase a produción do alumnado. Utilizaremos como instrumentos fichas de repaso e reforzo así como xogos de preguntas sobre os temas traballados. Non se farán probas escritas.

No Bacharelato tamén se analizará a produción do alumnado utilizando como instrumento fichas de repaso e reforzo. Realizarase unha proba escrita a derradeira semana de clase.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

O alumnado con algún trimestre suspenso que realice correctamente as actividades propostas recuperará a materia. A nota final será a media entre as tres avaliacións.

O alumnado coas tres avaliacións aprobadas terá a posibilidade de subir ata un punto a nota da avaliación final se realiza correctamente as actividades propostas. A cualificación final será a media das tres avaliacións e de ser o caso, sumarase un punto máis.

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

O alumnado con algún trimestre suspenso deberá realizar as actividades de repaso propostas, ademais dunha proba escrita. A nota da avaliación será a media entre as actividades e a proba escrita. Se aproba recuperará a materia. A nota final será a media entre as tres avaliacións.

O alumnado coas tres avaliacións aprobadas deberá realizar as actividades de ampliación propostas. A cualificación final será a media das tres avaliacións.

3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

O alumnado con algún trimestre suspenso deberá realizar as actividades de repaso propostas, ademais dunha proba escrita. A nota da avaliación será a media entre as actividades e a proba escrita. Se aproba recuperará a materia. A nota final será a media entre as tres avaliacións.

O alumnado coas tres avaliacións aprobadas deberá realizar as actividades de ampliación propostas.

